



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

exp. 2021/G003/000011

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

ASUNTO: PROHIBICIÓN E CESE DE TODO TIPO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

EXPEDIENTE:2021/G003/000011

ANTECEDENTES:

Visto o establecido no artigo primeiro punto tres do Decreto 3/2021, do 13 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARSCoV-2, onde se establece de maneira literal que «...**Recoméndase restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente á unidade de convivencia. No territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas convivintes. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas convivintes.**

A limitación prevista neste punto non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Prohibir a celebración de todo tipo de actividades ou eventos deportivos ou culturais nos espazos de titularidade pública do Concello de Toques dende o día 15 de xaneiro de 2021 e ata que deixe de estar en vigor as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia no Decreto 3/2021, do 13 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARSCoV-2.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

exp. 2021/G003/000011

SEGUNDO.- Dar a máxima publicidade o presente decreto ós efectos de difundir o seu coñecemento a toda a poboación afectada mediante a súa publicación na paxina web do Concello e a través da colocación de bandos municipais por todo o término municipal.

TERCEIRO.- Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

En Toques, o asina o Sr. Alcalde ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe